

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** RES ADXUDICACIÓN DEF. HORTAS VACANTES CALO E CACHEIRAS 2022

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000709

Mediante Providencia da Alcaldía de 10 de marzo de 2022 iniciouse o expediente para proceder á concesión administrativa do uso privativo das parcelas 10 e 12 da horta urbana municipal de Calo, situada no lugar de Fixó, e das parcelas 5, 10 e 12 da horta urbana municipal de Cacheiras, situada no lugar de Tras do Eixo.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 16 de marzo de 2022 (Res 369/22), aprobouse o “Prego de condicións para autorizar o uso privativo das parcelas 10 e 12 da horta urbana de Calo e das parcelas 5, 10 e 12 da horta urbana de Cacheiras” (en adiante Prego).

Considerando que, rematado o prazo habilitado ao efecto, presentáronse un total de 9 solicitudes, aprobándose, mediante Resolución da Alcaldía do 1 de abril de 2022 (res. 422/2022), a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento.

Considerando que o 6 de abril de 2022 celebrouse o sorteo público das hortas urbanas de Calo e Cacheiras, elevándose a esta Alcaldía a proposta de adxudicación e a lista de agarda resultantes do mesmo, conforme ás cláusulas 8 e 9 do Prego e artigo 13 do Regulamento do funcionamento de hortas urbanas municipais do Concello de Teo (en adiante, Regulamento) (BOP de 20/05/2014).

Considerando que, unha vez efectuado o sorteo, advertiuse no procedemento un erro material consistente na inclusión no mesmo, como vacante e susceptible polo tanto de adxudicación, da parcela 12 da horta urbana de Calo, cando o uso privativo de dita parcela atopábase debidamente adxudicado.

Considerando que, en aras de buscar unha solución á situación plantexada, que non prexudicara ás persoas que participaron no procedemento, en xeral, e á persoa que resultou adxudicataria da parcela en cuestión, a 12 da Horta urbana de Calo, en particular, indebidamente incorporada como vacante, e previa conformidade co interesado,

habilitouse un novo espazo útil de traballo dentro da horta urbana de Calo, para dar solución á problemática xerada, que pasará a denominarse parcela 12 bis.

De acordo co exposto, visto o informe técnico, de 10 de maio de 2022, segundo o cal a nova parcela ten as condicións axeitadas para o desenvolvemento da actividade hortícola, mediante Decreto da Alcaldía de 10 de maio de 2022 (res. nº 621/2022), resolveuse habilitar un novo espazo dentro da horta urbana de Calo, parcela 12bis, para o desenvolvemento da actividade hortícola e publicar a proposta da adxudicación, resultante do sorteo público celebrado o 6 de abril de 2022 e do Decreto da Alcaldía de 10 de maio de 2022 (res. nº 621/2022), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Teo, a efectos de reclamacións, por prazo de 3 días hábiles.

Considerando que publicada a proposta de adxudicación na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios, o 11 de maio de 2022, non se formularon reclamacións ao efecto, segundo o informe do xefe do negociado de servizos xerais, de 18 de maio de 2022, incorporado ao expediente.

Considerando que, segundo a cláusula 9 do Prego e artigo 14 do Regulamento, transcorrido o prazo a efecto de reclamación e resoltas, no seu caso, as mesmas, adxudicaranse definitivamente as parcelas, previo requirimento e presentación ás persoas propostas como adxudicatarias da documentación correspondente, que se concreta na documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda estatal e Facenda autonómica), así como ao corrente das obrigas coa Seguridade social.

Considerando que todas as persoas incluídas na proposta de adxudicación presentaron a documentación requirida e feitas de oficio as comprobacións oportunas en relación co empadramento e as débedas co Concello de Teo.

De acordo co exposto, en virtude do disposto na cláusula 9 do prego de condicións e no uso das facultades conferidas polo artigo 21 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente as parcelas 10 e 12bis da horta urbana municipal de Calo, situada no lugar de Fixó, e as parcelas 5, 10 e 12 da horta urbana municipal de Cacheiras, situada no lugar de Tras do Eixo, autorizando o uso privativo das mesmas, ás persoas que se relacionan a continuación:

HORTA MUNICIPAL	NÚMERO DE PARCELA	APELIDOS E NOME
CALO	10	DIOS DÍAZ, M <sup>a</sup> JOSÉ
CALO	12bis	TARRÍO PENA, JOSÉ ANTONIO GERARDO
CACHEIRAS	5	FERNÁNDEZ BELLO, BEGOÑA
CACHEIRAS	10	BUSTABAD DÍAZ, RAQUEL FERMINA
CACHEIRAS	12	COMPANY BORONAT, JOAQUÍN

**Segundo.-** Constituír a lista de agarda, coas persoas que se relacionan a continuación:

APELIDOS E NOME	DATA E NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA
1.- REGA GONZÁLEZ, NATALIA	18/03/2022 (nº entrada 1305)
2.- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, IAGO	21/03/2022 (nº entrada 1324)
3.- GUZMÁN LÓPEZ, ANA MARÍA	25/03/2022 (nº entrada 1436)
4.- DÍAZ PÉREZ, MARÍA LUISA	30/03/2022 (nº entrada 1506)

**Terceiro.-** Notificar esta resolución ás persoas solicitantes, debendo as adxudicatarias acudir ás dependencias municipais no prazo de 8 días desde a recepción da notificación da presente Resolución, a fin de asinar a acta de inicio de uso de parcela e compromiso de asunción do disposto no Regulamento das hortas urbanas municipais do Concello de Teo. Os/as concesionarios/as terán os dereitos e as obrigas recollidos no artigo 25 e seguintes do Regulamento.

**Cuarto.-** Comunicar que, ao tratarse dunha adxudicación extraordinaria de parcelas que se atopan vacantes, a autorización rematará o 31 de decembro de 2022, mesmo momento no que remate a adxudicación das demais parcelas adxudicadas nas hortas municipais.

**Quinto.**- Dar conta ao Pleno da vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data e polas persoas que figuran na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe,

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz